

7.

Bolsas, axudas e premios

As liñas de apoio que se relacionan corresponden non só á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, senón tamén a outras Administracións Públicas (estatais, autonómica e as universidades do SUG). Van dirixidas tanto a estudantes como a titulados universitarios e están suxeitas a posibles modificacións ao longo do curso académico.

Artéllanse mediante convocatorias anuais, para garantir ao alumnado que cumpra as condicións para cursar estudos universitarios con aproveitamento poida acceder e desenvolver os seus estudos en condicións de igualdade, sen ser excluídos por razóns económicas.

Sinalar que, na relación de bolsas, axudas e premios que convocan as universidades da Coruña, Santiago de Compostela, e Vigo para o seu alumnado, non se recollen na súa totalidade. Para coñecer a oferta completa (préstamo para material informático, transporte, formación, participación social, mobilidade, prácticas, deporte,...), recoméndase consultar a web de cada universidade.

■ 1. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario Erasmus+, para o alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos

Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario *Erasmus +*.

A quen vai dirixido?

Alumnado das universidades do Sistema universitario de Galicia que participa en *Erasmus Estudos*.

Requisitos

- Estar matriculado en calquera das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para realizar estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao
- Participar no programa de mobilidade universitaria con fins de estudos con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda do programa *Erasmus+* xestionada polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación.
- Non ter desfrutado desta axuda complementaria en convocatorias anteriores.

- Non poderá participar o alumnado que, con nacionalidade distinta á española ou con dobre nacionalidade realice a mobilidade nos seus países de orixe ou nalgún do que é nacional.

Dotación

Entre 375 e 2.255 euros en función da duración da estadía e do expediente académico.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.


Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED417A) e iniciar a tramitación en liña empregando un *certificado electrónico* ou a *Chave365*. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

: 981 54 44 03/30/5433

: orientacion.sug@edu.xunta.es

Axudas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para estadas nalgún Estado membro da UE, durante o verán, co obxecto de coñecer a lingua dese país

Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 170 axudas para estadas nalgún Estado membro da Unión Europea durante o verán para coñecer a lingua dese país.

A quen vai dirixido?

Alumnado universitario matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao.

Requisitos

- Estar matriculado, como mínimo en 50 créditos, excluídos os recoñecidos, validados ou adaptados, en calquera das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, e ter superado 60 créditos na data fixada na convocatoria. O alumnado que estea matriculado no traballo fin de grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos esixidos.
- O curso de idiomas debe ser presencial, ter unha duración mínima de tres semanas, excluídas as datas da viaxe, e un mínimo de 60 horas lectivas. O idioma que se desexe cursar deberase corresponder co idioma oficial do país elixido.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade e non ser adxudicatario dunha bolsa do programa comunitario de mobilidade **Erasmus +**, sempre e cando a estadía que pretenda realizar sexa para perfeccionar a lingua oficial do país no que se está a desenvolver o devandito programa.

Dotación

Máximo de 1.000 euros

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.


Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED416A) e iniciar a tramitación en liña empregando un *certificado electrónico* ou a *Chave365*. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

: 981 54 44 03/30/5433

: orientacion.sug@edu.xunta.es

Axudas destinadas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que, por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos

Obxecto

Axudar o alumnado cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas ocorridas durante o actual curso académico que lle impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado nas universidades públicas do SUG en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao.

Requisitos

- Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida e imprevista ocorrida no actual curso académico (orfanidade absoluta; situación de desemprego, falecemento, falta de pagamento acreditada por denuncia ou sentenza de pensións alimenticias nos casos de separación ou divorcio, enfermidade grave, recoñecemento de incapacidade permanente absoluta para todo traballo dalgún dos sustentadores principais da unidade familiar; condición de emigrante retornado; vítimas de violencia de xénero, vítimas de actos terroristas e outras circunstancias non recollidas que, sendo debidamente acreditadas, repercutan na situación socioeconómica familiar).
- Que a situación sobrevida e imprevista aconteza durante o curso académico.
- Estar matriculado como mínimo en 50 créditos, incluídos os créditos recoñecidos, en estudos universitarios conducentes a unha titulación de grao, en calquera das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, agás o alumnado ao que lle reste un número inferior de créditos para rematar os seus estudos que deberá estar matriculado como mínimo de 30 créditos, incluídos tamén os créditos recoñecidos.
- Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual que establece a Lei de orzamentos xerais do estado para o ano da convocatoria, multiplicada por 1,80.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

Dotación

Entre 1.750 euros e 3.000 euros, en función dos limiares de renda per cápita fixados na convocatoria.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED433A) e iniciar a tramitación en liña empregando un certificado electrónico ou a Chave365. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

: 981 54 44 03/30/5433

: orientacion.sug@edu.xunta.es

Bolsas destinadas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participa en programas de mobilidade con países extracomunitarios

Obxecto

Convocar en réxime de concorrencia competitiva 140 bolsas destinadas ao alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participe en programas de intercambio con países extracomunitarios, agás o programa *Erasmus+*, relacionados cos estudos que está a cursar.

A quen vai dirixido?

Alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participa en programas de intercambio con países extracomunitarios, agás o programa *Erasmus+*.

Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades públicas do SUG, en estudos universitarios oficiais condcentes a unha titulación de grao.
- Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe (universidades públicas do Sistema universitario de Galicia).
- Non ter desfrutado desta bolsa de mobilidade en convocatorias anteriores.
- O alumnado con nacionalidade distinta á española non pode realizar a mobilidade nos seus países de orixe ou nalgún do cal é nacional. Excluirase tamén da convocatoria, ao alumnado que non se desprace ao país de destino recibindo a formación virtual en Galicia.

Dotación

Máximo de 1.700 euros.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.


Presentación de solicitudes


Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED441B) e iniciar a tramitación en liña empregando un *certificado electrónico* ou a *Chave365*. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

: 981 54 44 03/30/5433

: orientacion.sug@edu.xunta.es

Axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun mestrado universitario oficial ofertado polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia

Obxecto

Financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia a persoas desempregadas con titulación universitaria.

A quen vai dirixido?

Persoas desempregadas.

Requisitos

- Estar en situación de desemprego na data de presentación da solicitude.
- Ter rematados os estudos universitarios que lle dean acceso aos estudos do mestrado universitario con anterioridade á data que se indique na convocatoria.
- Estar matriculado/a nun mestrado universitario oficial ofertado polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos, excluídos os créditos recoñecidos, validados ou adaptados.
- Non estar incluídas nos casos de beneficios e exención total de matrícula previstos no Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia.
- Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

Dotación

Entre 591 euros e 835,8 euros.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED421A) e iniciar a tramitación en liña empregando un *certificado electrónico* ou a *Chave365*. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

: 981 54 54 33/ 4430

: orientacion.sug@edu.xunta.es

PREMIOS

Premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións nas universidades do Sistema universitario de Galicia

Obxecto

Convocar os premios de excelencia académica coa finalidade de motivar o alumando universitario a mellorar o seu currículo recoñecendo unha actitude de compromiso e esforzo no estudo.

A quen vai dirixido?

Alumnado de grao oficial que obtivese as mellores cualificacións nas universidades do Sistema universitario de Galicia

Requisitos

- Non estar en posesión dunha titulación universitaria oficial.
- Ter no curso académico anterior á convocatoria unha nota media igual ou superior a 8 puntos.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

1.000 euros e un diploma acreditativo desta distinción.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Presentación de solicitudes

Os premios outórganse de oficio por proposta das universidades do Sistema universitario de Galicia.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

☎: 981 54 44 03/30/5433

✉: orientacion.sug@edu.xunta.es

Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia

Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma para o alumnado que rematou brillantemente os seus estudos universitarios conducentes a unha titulación oficial de grao nas universidades do SUG.

A quen vai dirixido?

Alumnado universitario.

Requisitos

- Ter cursado integramente os estudos da titulación universitaria pola cal opta ao premio nas universidades do Sistema universitario de Galicia.
- No programa de simultaneidade de graos, ter rematados os dous graos no mesmo curso académico.
- Ter unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 8,50 puntos, para o alumnado das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 7,50 puntos, para o alumnado da rama de Enxeñaría e Arquitectura.
- Non poderán obter un premio fin de carreira aquelas persoas que xa obtiveron un en anteriores convocatorias.

Dotación

3.500 euros e diploma acreditativo desta distinción.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no Portal Educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>). Indicar no buscador a denominación do procedemento (ED415A) e iniciar a tramitación en liña empregando un *certificado electrónico* ou a *Chave365*. Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos, se é o caso. Asinar electronicamente o formulario e descargar o xustificante de presentación.

A onde acudir

Secretaría Xeral de Universidades

Servizo de Apoio e Orientación ao Alumnado Universitario

🌐: <http://www.edu.xunta.gal/portal/>

☎: 981 54 54 33/ 4430

✉: orientacion.sug@edu.xunta.es

2. SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de mestrado que se inicien nunha universidade galega

Obxecto

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

A quen vai dirixido?

Cidadanía galega residente no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a.

Requisitos

1. No momento da presentación da solicitude:

- Ser menor de 40 anos.
- Estar en posesión da nacionalidade española.
- Residir fóra de España.
- Acreditar un mínimo de dous anos de residencia fóra de España inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.
- Estar vinculado a Galicia dalgún destes xeitos:
 - a) Ser emigrante nacido/a en Galicia.
 - b) Ser emigrante non nacido/a en Galicia, pero ter residido en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos con nacionalidade española antes de emigrar.
 - c) Ser descendente por consanguinidade dunha persoa nacida en Galicia, sempre que a persoa solicitante nacesse no estranxeiro.
- Ter rematado e estar en posesión dalgunha titulación universitaria de grao, arquitecto/a, enxeñeiro/a, licenciado/a, arquitecto/a técnico/a, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a ou outra declarada equivalente de forma expresa, que dea acceso a un máster universitario.
- No caso das persoas nadas no estranxeiro, estaren vinculadas a un concello galego. Este requisito poderase acreditar con posterioridade, pero sempre antes de que remate o prazo de emenda da documentación preceptiva.

2. Con carácter previo á concesión da bolsa:

- Estar matriculado/a nun máster universitario dos ofertados na convocatoria, dun mínimo de 60 créditos ECTS na modalidade presencial ou semipresencial.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

A contía determinarase en función da duración do máster universitario e do país de procedencia da persoa solicitante.

Publicación

No *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e no portal da Secretaría Xeral da Emigración.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://bolsasexcelencia.xunta.gal>). Cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos. Rematado este proceso, deberán confirmar e enviar a solicitude, que comporta a súa presentación, e procederáse á anotación dunha entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia. Unha vez confirmada a solicitude, non poderán ser modificados ningún dos datos cubertos no formulario.

A onde acudir

Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia

🌐: <https://emigracion.xunta.gal>

☎: 981 95 71 62/981 54 72 71

✉: beme.emigracion@xunta.gal

3. MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

Bolsas de carácter xeral

Obxecto

Convocar bolsas para o alumnado que cursa estudos posobrigatorios e garantir que ningún estudante abandone os seus estudos por motivos económicos.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado nalgún dos seguintes niveis:

- Ensinanzas universitarias conducentes a títulos oficiais de grao e de máster, incluídos os estudos de grao e máster cursados nos centros universitarios de defensa e da Garda Civil.
- Curso de acceso á universidade para maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
- Créditos complementarios ou complementos de formación para acceder ou obter o título de máster ou grao.

Non se inclúen nesta convocatoria ao alumnado matriculado en:

- Estudos de terceiro ciclo ou doutoramento.
- Estudos de especialización.
- Títulos propios das universidades.

Requisitos:

Cumprir os requisitos xerais, académicos e económicos esixidos na convocatoria.

Dotación:

Contía fixa:

- Bolsa matrícula: importe (prezo público oficial que se fixe para os servizos académicos pola comunidade autónoma) dos créditos dos que a persoa solicitante se matricule por 1ª vez.
- Por renda familiar: 1.700 euros.
- Por cambio de residencia durante o curso escolar: 1.600 euros.
- Por excelencia académica: entre 50 e 125 euros.

Contía variable:

- Mínimo: 60 euros.

Publicación

No *Boletín Oficial del Estado (BOE)* e no portal conxunto do Ministerio de Educación e Formación Profesional e do Ministerio de Universidades, <https://www.becaseducacion.gob.es/portada.html>

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional (<https://www.educacionyfp.gob.es>). Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e presentalo de forma telemática.

A onde acudir**Universidade da Coruña**

Sección de bolsas

☎: 881 01 23 88 , exts. 1186 -1189/ 1191

✉: bolsas@udc.es

Universidade de Santiago de Compostela

Sección de bolsas e axudas ao alumnado

☎: 881 81 45 74/ 25/ 80

✉: bolsas@usc.es

Universidade de Vigo

Sección de axudas e bolsas

☎: 986 81 36 11/ 12

✉: bolsas@uvigo.es

Bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios**Obxecto**

Convocar bolsas de colaboración coa finalidade de iniciar ao alumnado en tarefas de investigación vinculadas cos estudos que está a cursar e facilitar a súa futura orientación profesional ou investigadora.

A quen vai dirixido?

Estudantado matriculado do último curso de estudos de grao ou de primeiro curso dun máster universitario oficial.

Requisitos

Cumprir os requisitos académico esixidos na convocatoria.

Dotación

2.000 euros.

Publicación

No *Boletín Oficial del Estado (BOE)* e no portal do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática, incorporar os documentos requiridos, se é o caso, e presentalo de forma telemática.

A onde acudir

Universidade da Coruña

Sección de bolsas

☎: 881 01 23 88 , exts. 1186 -1189/ 1191

✉: bolsas@udc.es

Universidade de Santiago de Compostela

Sección de bolsas e axudas ao alumnado

☎: 881 81 45 74/ 25/ 80

✉: bolsas@usc.es

Universidade de Vigo

Sección de axudas e bolsas

☎: 986 81 36 11/ 12

✉: bolsas@uvigo.es

Cursos de inmersión en lingua inglesa

Obxecto

Convocar axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP).

A quen vai dirixido?

Alumnado universitario e de niveis non universitarios.

Requisitos

- Ser menor de 30 anos.
- Ser bolseiro da convocatoria xeral do MEFP.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

A axuda cobre todos os gastos do curso (ensino, material, manutención e aloxamento), aínda que a persoa beneficiaria deberá aboar 100 euros en concepto de reserva de praza.

Publicación


No *Boletín Oficial do Estado (BOE)* e no portal do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática, incorporar os documentos requiridos, se é o caso, e presentalo de forma telemática.

A onde acudir

: <https://www.educacionyfp.gob.es/portada.html>

: 91 083 79 37

: 060 da Administración Xeral do Estado

Axudas para cursos de inmersión en lingua inglesa, para mestres e titulados no Máster en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Obxecto

Convocar axudas para favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua inglesa.

A quen vai dirixido?

Mestres e titulados no máster en formación do profesorado.

Requisitos

- Obter no seu expediente académico, una nota media igual ou superior a 7,5 puntos.
- Rematar os estudos universitarios de mestre, en calquera das especialidades, e de mestrado en profesorado nos cursos académicos que se fixan na convocatoria.

Dotación

A axuda cobre todos os gastos do curso (ensino, material, manutención e aloxamento), aínda que a persoa beneficiaria deberá aboar 100 euros en concepto de reserva de praza.

Publicación

No *Boletín Oficial do Estado (BOE)* e no portal do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática, incorporar os documentos requiridos, se é o caso, e presentalo de forma telemática.

A onde acudir

: <https://www.educacionyfp.gob.es/portada.html>

: 91 083 79 37

: 060 da Administración Xeral do Estado

4. MINISTERIO DE UNIVERSIDADES

PREMIOS

Certame Universitario Arquímedes de Introducción á Investigación Científica

Obxecto

Fomentar a investigación científica entre o alumnado universitario premiando aos mellores traballos de investigación en todas as áreas de coñecemento.

A quen vai dirixido?

Estudantado de grao e máster universitario.

Requisitos

Cumprir os requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

Outorgaranse diferentes premios a proxectos orixinais científicos e tecnolóxicos que van desde os 8.000 euros aos 500 euros.

Publicación

No *Boletín Oficial del Estado (BOE)* e no portal do Ministerio de Universidades.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Universidades ou do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática, incorporar os documentos requiridos, se é o caso, e presentalo de forma telemática.

A onde acudir

: <https://www.universidades.gob.es/portal/site/universidades/>

: 060 da Administración Xeral do Estado

: arquimedes@universidades.gob.es

Premios nacionais de fin de carreira de educación universitaria

Obxecto

Recoñecer ao estudantado que rematou con maior brillantez os seus estudos universitarios.

A quen vai dirixido?

Titulados universitarios.

Requisitos

- Rematar os estudos universitarios no ano indicado na convocatoria.
- Obter no seu expediente académico, como mínimo 9,00 puntos nas titulacións das ramas de coñecemento de Ciencias da Saúde, Ciencias, Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, e 8,00 puntos para titulacións da rama de Enxeñería e Arquitectura.

Dotación

- Primeiros premios: 3.300 euros.
- Segundos premios: 2.650 euros.
- Terceiros premios: 2.200 euros.

Publicación

No *Boletín Oficial del Estado (BOE)* e no portal do Ministerio de Universidades.

Presentación de solicitudes

Acceder á sede electrónica do Ministerio de Universidades. Rexistrarse, cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática, incorporar os documentos requiridos, se é o caso, e presentalo de forma telemática.

A onde acudir

: <https://www.universidades.gob.es/portal/site/universidades/>

: 060 da Administración Xeral do Estado

: premios@universidades.gob.es

5. UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Bolsas de comedor

Obxecto

Convocar 200 bolsas de comedor, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades do estudantado pertencente a familias con rendas baixas.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado nun centro da UDC en estudos oficiais de grao ou máster.

Requisitos

- Estar matriculado en estudos oficiais de grao ou máster a tempo completo, no réxime presencial, e durante o curso da convocatoria.
- Cumprir polo menos un dos seguintes requisitos:
 - a) Estar aloxado/a nunha residencia pública universitaria da UDC e estar ao corrente no pagamento dos recibos.
 - b) Ter concedida unha axuda da convocatoria da UDC para o estudantado en situacións de dificultades económicas.
 - c) Ter concedida una axuda da convocatoria da UDC do programa para a promoción dos estudos universitarios entre persoas solicitantes de asilo ou protección internacional.
 - d) Ter concedida unha axuda do plan propio da UDC, para alumnado en situación de refuxio do programa ABRIGA.

Dotación

500 euros.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Sección de bolsas

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 23 88, exts. 1186 -1189/ 1191

: bolsas@udc.es

Prazas de aloxamento para o estudiantado da UDC nas residencias públicas universitarias

Obxecto

Convocar prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado na UDC en estudos oficiais de grao ou máster.

Requisitos

- Cumprir os requisitos económicos e académicos recollidos nas bases da convocatoria.

Prezo por praza

Cada estudante aboará entre 119 euros e 253 euros mensuais. A contía exacta determinarase en función da puntuación total obtida pola persoa solicitante conforme aos criterios económicos e académicos establecidos nas bases da convocatoria.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Inicio de estudos: cubrir o formulario de solicitude a través da aplicación informática, que se indique na convocatoria, descargalo e presentalo, xunto coa documentación esixida, na Sección de bolsas da Universidade da Coruña, no SAPE do campus de Ferrol ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de dereito administrativo.

Continuación de estudos: de forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Sección de bolsas

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 23 88, exts. 1186 -1189/ 1191

: axudas.aloxamento@udc.es

Axudas para o estudantado en situacións de dificultades económicas

Obxecto

Convocar axudas destinadas ao alumnado matriculado na UDC co fin de contribuír a paliar as dificultades económicas que lle impidan continuar os estudos universitarios.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado en estudos oficiais de grao ou máster.

Requisitos

- Estar matriculado durante todo o curso académico nun centro da UDC.
- Terse producido unha dificultade económica debidamente acreditada que lle impida ao estudante a continuación dos seus estudos.
- Non dispor doutras axudas públicas ou privadas destinadas a esta mesma finalidade ou non cumprir os requisitos para obtelas.

Dotación

Máximo de 1.000 euros. A súa finalidade é sufragar os prezos públicos da matrícula.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Imprimir o modelo de solicitude que figure na convocatoria, cubriro e presentalo na Sección de bolsas da UDC, no rexistro auxiliar do campus de Ferrol, ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de dereito administrativo.

A onde acudir

Sección de bolsas

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 23 88, exts. 1186 – 1189, 1191

: bolsas@udc.es

Bolsas para estudantes con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade

Obxecto

Apoiar ao estudantado cunha contía económica que lle permita afrontar mellor as dificultades cotiáns (barreiras de comunicación, dificultades no desprazamento á universidade ou na utilización de materiais de traballo, etc.) que supoñen importantes obstáculos para o desenvolvemento equitativo e aproveitamento da actividade académica.

A quen vai dirixido?

Alumnado que teña recoñecida legalmente a condición de discapacidade.

Requisitos

- Estar matriculado/a na Universidade da Coruña, nunha titulación oficial.

- Ter recoñecida legalmente a condición de discapacidade.

Dotación

Máximo de 1.077 euros.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Imprimir o modelo de solicitude que figure na convocatoria, cubriilo e presentalo, xunto coa documentación esixida, no Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, nos rexistros auxiliares do campus da Coruña ou do campus de Ferrol, ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de dereito administrativo.

A onde acudir

Unidade de Atención á Diversidade (ADI)

: <https://www.udc.es/gl/cufie/ADI/>

: 881 01 56 22

: adi@udc

Bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado

Obxecto

Adxudicar 144 bolsas de colaboración co fin de favorecer a formación complementaria do estudiantado matriculado nun centro propio da UDC mediante a formación de actividades formativas.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a una titulación de grao.

Requisitos

Todas as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculadas na UDC en estudos oficiais de grao dos centros propios, no prazo de aceptación da bolsa.
- Ter superado o 30 % dos créditos na titulación onde estean matriculadas á data de finalización do prazo de solicitude da bolsa.
- Non percibir ningunha axuda económica incompatible.
- Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de inicio do goce da bolsa.
- Manter a condición de estudantes de grao da UDC durante o período completo da duración da bolsa.
- Cumprir os demais requisitos fixados na convocatoria.

Dotación

240 euros mensuais durante 7 meses e cunha dedicación de 8 horas semanais.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Servizo de Estudantes

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 11 11

: sape@udc.gal

Bolsas para os estudos de másteres universitarios oficiais**Obxecto**

Convocar 100 bolsas para o alumnado matriculado nun máster universitario oficial da UDC.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado en mestrados universitarios oficiais.

Requisitos

- a) Estar matriculado a tempo completo, dun mínimo de 60 créditos nalgún dos másteres universitarios oficiais da UDC, e ao corrente do pagamento dos prezos públicos.

As materias ou créditos recoñecidos, validados, adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos.

- b) Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de residentes, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Dotación

Ata un máximo de 1.000 euros

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Servizo de Estudantes

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 11 11

: sape@udc.gal

Axudas a programas de actividades estudiantís

Obxecto

Estimular e incrementar as actividades realizadas tanto polo estudiantado actual como polo estudiantado egresado na UDC no ámbito científico, deportivo e cultural, co obxectivo de fomentar hábitos participativos, difundir o coñecemento da oferta académica e promover e prestixiar a institución universitaria.

A quen vai dirixido?

Asociacións de estudantes legalmente constituídas e inscritas non Rexistro de Asociacións da UDC (RAE/RAAE-UDC).

Requisitos

- Realizar algún dos seguintes programas de actividades:
 - a) Dinamización da Información e a participación estudiantil.
 - b) Promoción e desenvolvemento científico, cultural, artístico e deportivo.
 - c) Preparación para o exercicio de actividades profesionais.
 - d) Promoción das titulacións da UDC.
 - e) Calquera outra actividade que favoreza o desenvolvemento da participación activa do alumnado na súa propia formación e na libre manifestación de opinións científicas.
- Quedan excluídas as actividades de carácter académico previstas nos programas de estudos das diferentes titulacións da UDC, así como aquelas levadas a cabo polos diferentes servizos desta universidade.

Dotación

A determinar pola comisión de selección segundo o baremo establecido na convocatoria.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Imprimir o modelo de solicitude que figure na convocatoria, cubriro e presentalo a través do Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, nos rexistros auxiliares do campus da Coruña, do campus de Ferrol, ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de dereito administrativo.

A onde acudir

Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 11 55

: vepem@udc.gal

Bolsas para mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado

Obxecto

Convocar axudas para a asistencia e o aproveitamento de cursos no Centro de Linguas de inglés, alemán, francés, italiano ou portugués.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado en estudos oficiais na UDC.

Requisitos

Matricularse nunha titulación oficial da UDC a nivel de grao, mestrado ou doutoramento que, preferentemente mais non exclusivamente, se atope nalgunha das seguintes situacións:

- Ter intención de realizar unha mobilidade internacional no próximo curso.
- Cursar un grao con itinerario bilingüe ou unha dobre titulación internacional.
- Alumnado en xeral que queira aprender linguas nos cursos de verán.

Dotación

Subvencionar o 100% do importe dos prezos de matrícula nos cursos do Centro de Linguas.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Imprimir o modelo de solicitude que figure na convocatoria, cubri-lo e presentalo a través do Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, nos rexistros auxiliares do campus da Coruña, do campus de Ferrol, ou por calquera dos procedementos recollidos na normativa de dereito administrativo.

A onde acudir

Oficina de Relacións Internacionais (ORI)

☎: 981 16 70 00, ext. 1951

✉: ori1@udc.es

PREMIOS

Axudas para os estudantes gañadores de olimpíadas científicas

Obxecto

Recoñecer o labor realizado polo estudantado nas diversas fases das olimpíadas científicas das áreas de Bioloxía, Física, Informática, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía, nas súas fases local, autonómica ou nacional, e premiar os resultados das persoas clasificadas en primeiro, segundo o terceiro lugar.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado no 1.º curso dunha titulación oficial de grao ou nun programa de simultaneidade de grao.

Requisitos

- Matricularse por primeira vez en calquera das titulacións oficiais de grao ou programa de simultaneidade, impartidas nos centros propios da UDC, e manter a matrícula durante todo o curso.
- Finalizar os estudos de bacharelato no curso previo á publicación da convocatoria.
- Clasificarse no primeiro, segundo ou terceiro posto das olimpíadas científicas de Bioloxía, Física, Informática, Matemáticas, Química, Economía ou Xeoloxía nas fases local, autonómica ou nacional.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

- Seis axudas de 715 euros para cada persoa das primeiras clasificadas, nalgunha das fases das olimpíadas científicas referidas na convocatoria.
- Seis axudas de 450 euros para cada persoa das segundas clasificadas .
- Seis axudas de 370 euros para cada persoa das terceiras clasificadas.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

Información

Servizo de Estudantes

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 29 15, exts.1964/ 1192/ 1190/ 1961

: lerdcoruna@udc.gal

Premios de excelencia á mellor nota de admisión nos graos

Obxecto

Recoñecer o esforzo e a dedicación do alumnado procedente de bacharelato e/ou ciclos formativos de grao superior que alcanzara uns resultados académicos excelentes nos estudos previos ao acceso á Universidade, e premiar ao alumnado que posúa a mellor nota de admisión en calquera das titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de grao, que se imparten nos centros propios da UDC.

A quen vai dirixido?

Alumnado matriculado no primeiro curso e por primeira vez en calquera das titulacións oficiais de grao ou programa de simultaneidade de grao.

Requisitos

- Finalizar os estudos de bacharelato ou ciclo formativo de grao superior , no curso indicado na convocatoria, en calquera dos centros educativos recoñecidos pola administración educativa no territorio nacional.
- Obter unha nota de admisión á universidade igual ou superior a 9,00.
- Matricularse por primeira vez en calquera das titulacións oficiais de grao ou programa de simultaneidade de grao, impartidas nos centros propios da UDC e manter a matrícula durante todo o curso.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Dotación

565 euros e diploma acreditativo.

Publicación

No *Taboleiro Electrónico Oficial* (TEO) da UDC e na ligazón de bolsas e axudas da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

Os premios outorgaranse de oficio a proposta do Servizo de Estudantes baixo a vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

Información

Servizo de Estudantes

: https://www.udc.es/gl/admision_bolsas/

: 881 01 29 15, exts.1964/ 1192/ 1190/ 1961

: lerdcoruna@udc.gal

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bolsas de comedor do Servizo Universitario de Residencias (SUR)

Obxecto

Garantir a igualdade de oportunidades das familias con menos recursos.

A quen vai dirixido?

Alumnado universitario.

Requisitos

Todas as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar aloxadas no SUR durante o curso académico.
- Ser bolseira da convocatoria de bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), co compoñente da contía fixa ligada á residencia do alumnado durante o curso escolar.
- Que a Renda Persoal Dispoñible (RPD) do/da solicitante no exercicio do ano 2021, e que segundo a Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR serviu de base para a adxudicación da cota correspondente no curso 2022-23, sexa inferior a 9.000 €.

Dotación

Entre 200 euros e 1.700 euros para o curso completo. A contía exacta virá determinada pola Renda Persoal Dispoñible (RPD), calculada de acordo cos criterios establecidos na convocatoria.

Publicación

No taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e na ligazón do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias>

☎: 881 81 45 26/ 74

✉: sur@usc.es

Oficina de Información Universitaria (OIU)

☎: 881 81 20 00 (Campus de Santiago de Compostela)

☎: 982 82 35 81/85 (Campus de Lugo)

Prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias

Obxecto

Convocar prazas de aloxamento universitario.

A quen vai dirixido?

Alumnado universitario.

Requisitos

- Cumprir os requisitos académicos e económicos fixados na convocatoria.

Prezo por praza

Cada estudante aboará entre 46 euros e 292 euros mensuais. A contía exacta virá determinada pola Renda Persoal Dispoñible (RPD), calculada segundo a puntuación económica publicada nas bases da convocatoria.

Publicación

No taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e na ligazón do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

🌐: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias>

☎: 881 81 45 26/ 74/ 25/ 82

✉: sur@usc.es

Oficina de Información Universitaria (OIU)

☎: 881 81 20 00 (Campus de Santiago de Compostela)

☎: 982 82 35 81/85 (Campus de Lugo)

Axudas a programas de actividades estudiantís

Obxecto

Estimular as iniciativas estudiantís encamiñadas ao desenvolvemento do tecido asociativo, a xeración de hábitos participativos, o fomento de actividades culturais e o coñecemento da Universidade por parte do alumnado.

A quen vai dirixido?

Asociacións universitarias inscritas no Rexistro de asociación de estudantes da USC.

Requisitos

- Ser unha asociación universitaria censada no Rexistro de asociación de estudantes da USC .
- Realizar actividades relacionadas con campañas informativas para dar a coñecer a asociación, campañas publicitarias sobre as actividades que desenvolva a asociación, axudas para organización de congresos, charlas e mesas de debate,...etc, e calquera outra das descritas na convocatoria.

Dotación

En función dos criterios de avaliación e selección incluídos na convocatoria.

Publicación

No taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e na ligazón do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Oficina de Información Universitaria (OIU)

: <https://www.usc.es/gl>

: 881 81 20 00 (Campus de Santiago de Compostela)

: 982 82 35 81/85 (Campus de Lugo)

: oiu@usc.es

PREMIOS

Axudas para estudantes gañadores das olimpíadas científicas

Obxecto

Premiar o esforzo do estudantado que se matricula por primeira vez na universidade dende os estudos de ensino secundario, que conseguira clasificarse nun posto relevante nas Olimpíadas Científicas nunha das súas fases: nacional, autonómica ou local.

A quen vai dirixido?

Estudiantado que se matricula por primeira vez na USC dende os estudos de ensino secundario.

Requisitos

- Estar matriculado por primeira vez en calquera das titulacións oficiais impartidas nos centros da Universidade de Santiago de Compostela.
- Ter rematado os estudos de bacharelato no curso previo á publicación da convocatoria.

- Terse clasificado nun primeiro, segundo ou terceiro posto en calquera das fases locais ou autonómicas ou, nun 1º a 10º posto na fase nacional, nalgunha das Olimpíadas de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química, Economía, Xeoloxía, Informática, Xeografía, Estatística e Filosofía celebradas ao longo do curso indicado na convocatoria.

Dotación

Entre 300 euros e 600 euros, segundo a táboa indicada na convocatoria. O importe da axuda destinarase á compra de material bibliográfico ou de material e equipamento informático.

Publicación

No taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e na ligazón do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado da web da Universidade.

Presentación de solicitudes

De forma telemática, a través do formulario dispoñible na web para este procedemento.

A onde acudir

Oficina de Información Universitaria (OIU)

: <https://www.usc.es/gl>

: 881 81 20 00/ 10 00 (Campus de Santiago de Compostela)

: 982 82 35 81/ 85 (Campus de Lugo)

: oiu@usc.es

Premios á calidade lingüística en galego dos traballos académicos

Obxecto

Promover o uso da lingua galega ligada á calidade formal na elaboración e defensa dos traballos académico do alumnado.

A quen vai dirixido?

